

Agustín Fernández Paz, Premio Merlín 1989

# "Non me gusta a moralina"

Para Paul Hazard, a historia da literatura infantil ben podería subtitularse "De cómo os homes oprimiron durante longo tempo os rapaces e de cómo se defenderon istos contra os homes". Pois ben, esta pequena loita ten varios nomes en Galicia; entre eles, un de actualidade: Agustín Fernández Paz, un autor que xa non pasa desapercibido nas nosas letras. Autor xa de varios libros, foi gañador do Premio Merlín de literatura infantil en 1989, coa novela "As flores radiactivas", que istos días sae do prelo. Trátase dunha historia fantástica, pero coa realidade máis viva detrás.

Moncho Paz

Nado en Vilalba hai 42 anos, de moi novo trasladouse a Gijón, onde cursou perito industrial na Universidade Laboral, para despois voltar a Galicia, onde descubriría a súa vocación de ensinante. Licenciado en Pedagogía pola Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), actualmente é profesor de EXB en Mugardos (A Coruña). Como mestre adiantado nos movementos de renovación pedagóxica, forma parte do "Gabinete da reforma", que traballa no noso país pola reforma do ensino non universitario.

—Como xurdiu a súa predilección pola literatura infantil? —Foi na miña infancia en Vilalba e grazas a meu pai, que tiña moi inculcada a afición á lectura. Entre os seus libros lémbrome sobre todo dos de narración de aventuras, de autores coma Xulio Verne ou Salgari. Neste senso, un dos libros míticos para min foi —e segue a ser— "A illa misteriosa", de Verne, que todavía o leo de cando en vez. O xeito que tiña meu pai de animarnos á lectura era moi particular: antes de deixarnos ler o libro, primeiro nos falaba del, a modo de introducción, de tal maneira que ti xa estabas esperando aquel libro coma quen espera un acontecemento. Del gardo tamén a inesquecible lembranza da súa afición ós tebeos, que compartía comigo. Polo demáis, a miña foi unha infancia bastante común naquel tempo: había un sistema escolar moi caduco, do que se salvaban poucos mestres; un deles era don Félix, que aparte de diferenciarse do resto polos seus métodos pedagóxicos, era un home que continuamente nos estimulaba a ler e a escribir.

Desa afición que adquirín polos libros de aventuras ven a miña adicación á literatura infantil, que comeza a gustarme máis que nada por necesidade, pois para todo mestre cómpre saber qué libros lles vai recomendar logo ós rapaces ou qué anacos dos mesmos lles pode ler na crase. As novelas de aventuras son algo que hoxe todavía me sigue atraendo moito; son da opinión que a lectura dunha boa novela deste xénero, como poden ser as de John Christopher, pode ser tan fascinante coma a mellor novela para adultos.

—En calidade de ensinante, ¿qué pensa que é o que busca un rapaz cando abre un libro? —O encontro entre os rapaces e os libros é un proceso complexo e ven condicionado por factores de diversa índole, dende os familiares ata os ambientais. Por exemplo, si estamos nunha vila ou nun pobo onde a cultura non está viva na rúa, non se potencia a biblioteca e mesmo nas casas os libros son escasos, o normal

sería que os rapaces desa vila non lean ou o fagan só por obriga, que é o peor que lles pode acontecer.

A animación á lectura é algo cáseque máxico. Neste senso, a pre-adolescencia é unha idade moi crucial, pois si un rapaz consegue pasar a etapa dos doce ós 15 anos tendo afición ós libros, xa non os abandonará na súa vida. O lamentable é que esta etapa coincida no ensino cun período no cal a lectura está moi desguarnecida e na maior parte dos casos, lese por obriga. Na maioría das escolas non hai unha potenciación da lectura nin da escritura, íntimamente relacionadas. E precisamente escribindo coma se desatan os mecanismos da lectura.


Dende a perspectiva do galego, a istos problemas hai que engadir situacións coma a diglosia ou as dificultades de normalización da lingua galega na escola e na sociedade, que fan que as leituras en galego sexan relativamente escasas.

—¿Cál é o seu concepto da literatura para rapaces e cómo ve a literatura infantil en Galicia?

—Sobre a literatura infantil non teño unha visión unilateral, senón que vexo distintos campos dos cales varios son axeitados. Agora ben, coma en todo tipo de literatura, debemos distinguir entre a boa e a mala. De entrada, habería que rexeitar toda aquela literatura para rapaces baseada na repetición de cousas xa feitas, un puro voltar sobre o mesmo, a moralina, os bos costumes...

Unha literatura infantil axeitada debe ser creativa, divertida e, ó mesmo tempo, propoñer unha visión do mundo. Todo bon narrador de literatura infantil funciona coma si fora unha persoa que crea un mundo, uns persoaxes, un ambiente... mediante os que trata de transmitir unha visión da vida. Isto é algo que en ocasións lles costa entender a mestres e pais.

Por outra banda, está o panorama da literatura infantil en Galicia. O vexo complicado por varias razóns: en primeiro lugar, está o feito de que ler en galego segue a ser anómalo todavía; aínda non se produciu o encontro natural entre os nenos/as galegos e os libros en galego. Se colles a calquera rapaz e lle preguntas polo nome de tres ou catro autores de literatura infantil, que non extraña se non sabe máis que o nome de Paco Martín ou de Neira Vilas, cando hoxe temos a xente coma Xesús Písón ou María Victoria Moreno, que están a producir cousas francamente boas. Despois temos as dificultades propias do libro infantil galego, que se traducen na incapacidade do noso mercado editorial para financeiros costes que exige a edición de determinados libros; normalmente a maioría deles non



Fernández Paz. "Vivimos nunha sociedade condeada á marxinação"

superan os cinco mil exemplares. En última instancia, no referido ós autores, hai bastante xente que escribe para os rapaces, dos que se poderían salvar quince ou vinte nomes, que poden competir perfectamente cos autores franceses, españois ou italianos; o problema radica en que se traducen escasamente a outras linguas, a non ser que obteñan un premio nacional como é o caso de Paco Martín e o seu libro "Das cousas de Ramón Lamote".

—¿A qué obedece esa mistura de realismo e fantasía que se aprecia na súa obra? ¿conténonos algo de "As flores radiactivas", o seu libro premiado. —No meu caso, esta mistura ven dada porque o concepto que temos de realidade é moi estreito e ceáis a literatura é un camiño para trascendelo; en ocasións descubres que a realidade é máis fantástica que a propia fantasía. Realidade e fantasía son dous aspectos realmente difíciles de separar e na miña opinión a dimensión formativa para os rapaces é máis fácil de asimilar mediante esa mistura.

En "As flores radiactivas" emprego a técnica de Gianni Rodari, un xornalista italiano xa desaparecido hai algúns anos e que tamén se adicaba a isto da literatura infantil. Este autor ten un libro chamado "Gramática da fantasía", no cal expón técnicas para traballar co elemento fantástico; unha das máis sinxelas é a do binomio fantástico, que consiste en coller dúas verbas que se atopan alonxadas entre si o máximo posible e tentar establecer unha relación entre elas.

A miña novela xurdiu das verbas "mar" e "flor". E unha especie de novela formativa, a favor das nenos e na que reivindicou unha literatura máis feminista. As ideas pacifistas ou ecoloxistas tamén están presentes ó longo do relato. Nel plantexo o final dos bloques armamentísticos e o inicio dunha paz mundial a traveso dun argumento fantástico, como é o que na fosa atlántica, onde teñen lugar os verquidos radiactivos, existen unhas extrañas flores que transmiten un virus pacifista a quen as ule. Ata os militares se ven na obriga de cheiralas e remata-

mos nunha sociedade pacificada. E unha especie de utopía contada dun xeito divertido. Dalgún xeito, ese argumento fantástico vese desbordado por unha fantasía máis ampla, que ven a se-la realidade dos derradeiros meses —derribo do Muro de Berlín, crise dos países do Leste, replantexamento do complexo armamentístico mundial...

—Ten publicado un libro encoldos "cómic". ¿Non pensa que a lectura de cómic está perdendo bastante entre a mocidade, ceáis un pouco absorbida por xogos e actividades cada vez menos creativas?

—Efectivamente, ese libro constitúe unha tentativa de aproximación, dende a cultura galega, a ese peculiar medio narrativo que é o cómic. Ler un cómic, si é de calidade, pode ser tan formativo e divertido como ler unha novela ou un ensaio. Eu sempre procurei que os rapaces traballaran con cómic, ben léndoos ou facéndoos. Lembro que hai dous anos aistín a unhas xornadas de ensino en Palma de Mallorca a dar un curso sobre cómic; alí cáseque tódolos mestres coincidían en sinalala curiosidade que para eles supoñía o feito de que os rapaces deixaran a unha beira o cómic e tiveran máis interese pola televisión ou polo vídeo.

Ao meo entender, si o cómic se sabe reorientar, si sabe atopar argumentos que o dignifiquen, debería ter un espazo asegurado entre os medios de comunicación, ó se tratar dunha narrativa con moitísimas posibilidades. Outra cousa é que o propio mercado do cómic non convida a ese futuro. Si hoxe calquera rapaz do Estado quere ler cómic, atópase cunha oferta bastante limitada: ou son cómic estereotipados, onde se repiten as mesmas fórmulas ata a saciedade, como pode ser "Mortadelo y Filemón", ou os típicos superheróis. Incluso no cómic de adultos tamén te podes atopar noutro tipo de cómic que, entre sexo e violencia, por unha banda, e argumentos repetidos machaconamente, pola outra, non te ofrece practicamente nada. A pesares, disto, para os adultos xa observamos unha certa calidade. Neste mesmo senso,

como exemplo a seguir de cómic infantil de calidade temos dúas revistas, "Trinca" e "El acordeón", xa desaparecidas, que indicaban o que podería ser un cómic infantil de verdade en España.

O "cómic" en Galicia existe, aínda que a algúns lles parezca o contrario. Hai autores, e mesmo algúns dunha calidade excepcional, como é o caso de Miguelanxo Prado; pero ou ben publican os seus traballos no contexto da cultura española (Miguelanxo Prado, Suso Peña, Das Pastoras) ou ben se adican a outros mestres, relacionados tamén coa ilustración e a industria cultural (Pepe Barro, Xoxé Díaz, Chichi Campos). Por outra banda, temos o singular caso de Xaquín Marín, que vai conseguindo unha certa continuidade na súa obra grazas ás súas tiras na prensa.

Non obstante, a industria do cómic en Galicia, se quere pervivir, precisa dunha forte infraestrutura que debería vir dada polas subvencións oficiais, como ocorre en Euzkadi.

—Na literatura infantil o humor xoga un importante papel. ¿Onde cre que reside o segredo do humor galego?

—O humor é algo básico, pero non entendido coma comicidade, senon coma auténtico humor. O exemplo máis excelso para min é o inglés Roal Dahl, que se caracteriza polo seu humor corrosivo, pero sen chegar a ser cruel, no cal nos deixa moi mal parados ós adultos, cunha ollada entre aceda e tenra. Con elo trata un pouco de desmitifica-la vida dos adultos e as convencións que temos, causantes de que o mundo funcione tan mal. O humor é unha vía extraordinaria para conectar con rapaces e adultos; de feito, cando lemos unha novela, si está plantexada en clave de ironía ou de humor, pois resulta dobremente corrosiva.

No caso da literatura galega, o humor é unha corrente que sempre tivemos presente. Moitos o atribúen o propio carácter galego, máis eu coido que é polas nosas condicións sociais. Vivimos nunha sociedade condeada á marxinação, nunha sociedade esquizofrénica, que conta cunha cultura e lingua propias e moitas veces vive noutra. Nesta sociedade "empeñada en suicidarse pero que non é capaz de conseguilo", como di Manolo Rivas, é lóxico que a reacción que teñamos todos sexa a do humor, como sucede, salvando as distancias, coa xente do teatro do absurdo —Beckett, Ionesco— nos anos 50 en Francia. Diante do absurdo existencial, ou reaccións traxicamente como Sartre, ou o fas pola vía tráxica e tamén do humor, como Castella. A literatura infantil, se quere chegar realmente ós rapaces, debe empregar aquel humor que se atope entre o amable e o acedo e corrosivo.

## BIBLIOGRAFIA

Fernández Paz, Agustín:

- 28 libros da literatura infantil e xuvenil galega
- Para lermos cómic
- Os libros infantís galegos (Os tres forman parte dunha colección editada pola Consellería de Cultura e Deportes).
- O libro de Merlín Vigo, Xerais, 1987.
- A cidade dos desexos Vigo, Xerais, 1989.
- Ler en galego Vigo, Ed. Ir Indo, 1990.
- As flores radiactivas Vigo, Xerais, 1990.